

D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 5 de xuño do 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5. CONTRATACIÓN E SERVIZOS

A)CONTRATACIÓN.

A3. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP. 027-SERVMen17)

Visto o informe do Técnico municipal de Deportes de 09.05.2017 e a Providencia da Concelleira Delegada competente de data 31 de maio de 2017, faise constar que.-

1º.- De conformidade co establecido no artigo 138 do RD. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), a denominación de contratos menores o é en consideración ao seu importe, que ten que ser inferior a 50.000 euros (IVE aparte) cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos.

2º.- O artigo 10 TRLCSP, precisa que *“son contratos de servizos aqueles cuyo objeto son prestacións de facer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto a una obra o un suministro, categorías enumeradas en el Anexo II.”*

3º.- Nos contratos menores, artigo 111 TRLCSP, establécese que só se esixirá a aprobación do gasto e a factura correspondente expedida conforme á normativa vixente.

Os requisitos anteriormente citados teñen a consideración de mínimos polo que e, para o suposto concreto que aquí nos ocupa, dende o Servizo de Contratación estímase axeitado cumprimentar os seguintes trámites e requisitos.-

-Formalización do oportuno contrato administrativo debendo achegar, dento do prazo fixado para elo, a póliza de seguro de Responsabilidade Civil que cubra a prestación do servizo, así como, o recibo presentado ao pagamento da mesma e que acredite a súa vixencia.

Asemade, o Concello de Monforte de Lemos na base 33.4ª das de execución do orzamento do Concello, referida aos gastos menores, dispón que *“A fin de garantir unha mellor xestión dos créditos orzamentarios, cando a contía sexa superior a 3.000 euros máis IVE e inferior a 18.000 euros máis IVE, o expediente conterá unha proposta de realización do gasto na que se xustificará a necesidade da contratación e a insuficiencia de medios propios. Dita proposta se presentará detallada e valorada, e deberá quedar acreditado no expediente a consulta como mínimo a tres empresas*

(deberán solicitarse a lo menos tres ofertas que se presentarán no Rexistro municipal de entrada), salvo que resultase imposible ou inconveniente por razóns que deberán acreditarse no expediente. Esta proposta unha vez informada polo Técnico de Contratación Municipal e fiscalizada pola intervención se someterá a aprobación do órgano municipal competente (fase AD)". En cumprimento do disposto, constan no expediente a solicitude de orzamento para a prestación do servizo a tres empresas polo que enténdese cumprimentado o trámite de consulta esixido.

Por máis abastamento, a citada base 33ª.2 precisa que.- "as propostas de contratos menores deberán remitirse para a súa tramitación ao Servizo de Contratación, para os efectos de comprobar que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato estea ao corrente das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social, non estea incurso nas prohibicións de contratar e que en consecuencia reúne as condicións para ser contratista coa Administración Pública, do que o responsable da oficina de contratación deberá deixar constancia escrita no expediente".

Neste senso convén advertir que coa entrada en vigor da Lei 30/2007, 30 de outubro de contratos do sector público e posteriormente do TRLCSP, a redacción do art.138.3 deste último, como sabemos, indica que os contratos menores poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria. Deberemos preguntarnos, pois, se cabe agora que estes dous requisitos poidan seguir sen acreditarse no expediente dos contratos menores. O Informe da JCCA 1/09, de 25 de setembro de 2009, non o ve posible, ao indicar que "a limitación de esixencia de requisitos de aptitude á capacidade de obrar e ao título habilitante ha de entenderse no sentido de que non é preciso acreditar documentalmente máis que unha e o outro. Con todo, evidentemente, se a empresa adjudicataria atópase en prohibición de contratar e esta circunstancia é do coñecemento do órgano de contratación debe ser tida en conta". En consecuencia, a capacidade de obrar e a habilitación profesional deben acreditarse documentalmente, **non así, necesariamente, o non estar incurso en prohibición de contratar** nin a solvencia económico-financeira e técnico-profesional do licitador. En calquera caso, algunhas Xuntas Consultivas autonómicas, por todas a de Canarias (Informe 1/2015 de 20 de marzo), manteñen, baseándose na doutrina da JCCA previa á entrada en vigor da LCA, a opinión da non-necesidade de acreditar documentalmente estes requisitos.

En todo caso, consta no expediente declaración responsable da empresa/persoa física que presenta a oferta economicamente máis vantaxosa de 9.6.2016 a cal terá os efectos previstos no art. 61.bis do TRLCSP.

4º.- Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos (art. 23 ex. art. 89 TRLCSP).

5º.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, atribúese ao Alcalde, sempre que o importe do contrato non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento. Se sé supera a referida porcentaxe a competencia corresponderá ao Pleno. No entanto, e de conformidade co Decreto de Alcaldía de 18.06.2015 (BOP nº 160 de 14.7.2015), dita competencia atópase delegada na Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos.

Por canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO.-**

PRIMEIRO: APROBAR o gasto correspondente, con cargo á aplicación orzamentaria 231.22699 do orzamento xeral para o ano 2017.

SEGUNDO: ADXUDICAR, por “contrato menor”, á empresa Alacer Ocio y Deporte S.L. con CIF. B32.267.031 e/r D. Miguel Pazos Sánchez Rubio con DNI. 34.922.564-P o Servizo de Desenvolvemento e Execución do Campamento de Verán do Concello de Monforte de Lemos do ano 2016, polo importe de 17.283,09.-€ aos que habería que engadir 3.629,45.-€ en concepto de IVE (21%) o que fai un total ascendente de 20.912,54.-€, segundo orzamento que achega (NRE.7298/2017 de 25.05.2017) e consonte ás prescricións técnicas remitidas.

TERCEIRO.- REQUIRIR ó adxudicatario para que no prazo máximo de 15 días hábiles a contar desde a recepción da notificación proceda a formalizar o oportuno contrato administrativo.”

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a cinco de xuño de dous mil dezasete.

Vº e pes.

O ALCALDE

